

## ANUNCIO DE CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CESIÓN DE USO DE PREDIOS RÚSTICOS MUNICIPAIS

### ANTECEDENTES

1. O Concello de Outes é titular dunha serie de predios rústicos, a maioría deles procedentes das tradicionais masas comúns das zonas de concentración parcelaria e/ou das cesións realizadas ao noso favor por parte da Consellería de Medio rural ao abeiro da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Trátase de predios que pola súa natureza teñen unha vocación dirixida á explotación agrícola-gandeira razón pola que o Concello non está condicións de aproveitálas nin de obter deles rendemento ningún.

2. Por outra parte, a existencia deses predios sen explotación orixina unha situación xurídica e socialmente indeseable porque ou son obxecto de labores periódicos de limpeza por parte do Concello cos conseguintes gastos improditivos para a facenda municipal ou, en caso contrario, ofrecen unha imaxe de descoido e abandono que é contraria ás normas de conservación e ornato e/ou da prevención de incendios forestais legalmente esixibles.

3. Nese contexto, o goberno municipal considera conveniente iniciar unha actuación dirixida a que as persoas titulares dunha explotación agraria no lugar ou parroquia no que estean os anteditos predios poidan acceder á condición de cesionarios de uso deles por un prazo determinado coa finalidade de destinalos á súa explotación agrícola-gandeira coa única contraprestación de mantelos en boas condicións de uso e conservación. A cesión de uso nesas condicións é revogable unilateralmente polo Concello, trala audiencia da persoa interesada, no caso de que o cesionario incumpra as condicións fixadas ou por razóns de interese público preferente.

4. A iniciativa municipal sobre a cesión de uso dun predio ou de predios determinados será publicada na sede dixital da Corporación coa finalidade de que as persoas interesadas poidan presentar as súas solicitudes. No caso de concorrencia de solicitudes con relación a un ou varios predios, o Concello resolverá a favor da que revista un interese social superior á vista das circunstancias concorrentes.



## Concello de Outes

---

Polo exposto,

### ANUNCIO

**Primeiro.** Iniciar a convocatoria pública para conceder a cesión de uso por un prazo de dez anos dos predios municipais nº 607 e 611 da zona de concentración parcelaria de San Miguel de Valadares, situadas no lugar Leiras da Agra e Devesa Chán respectivamente, con 3644 m<sup>2</sup> e 3136 m<sup>2</sup> de superficie e coas referencias catastrais nº 15063C501006070000LP e 15063C501006110000LL. O prazo de vixencia da cesión de uso comezará a computarse da data na que se estenda a acta de entrega do terreo.

**Segundo.** A persoa cesionaria deberá destinar os predios á explotación agrícola-gandeira e mantelos en perfecto estado de uso e conservación. O incumprimento destas condicións será causa de revogación da cesión de uso.

**Terceiro.** Teñen dereito a participar nesta convocatoria as persoas que estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís, sexan veciñas do municipio de Outes e titulares dunha explotación agrícola-gandeira na parroquia de Valadares. Deberán presentar as solicitudes no prazo de dez días a partir a da publicación da convocatoria na sede dixital da Corporación.

**Cuarto.** No caso de concorrencia de solicitudes de cesión de uso con relación ao mesmo predio ou predios, o Concello resolverá a favor da que revista un maior interese social. Terán prioridade os titulares de fincas lindeiras cos predios municipais.

**Quinto.** As persoas cesionarias serán responsables dos danos e perdas que poidan derivar da explotación dos predios. Tamén están obrigadas a devolverlle os terreos ao Concello no mesmo estado no que se lles entregaron. Non poderán realizar neles ningunha obra, instalación ou mellora sen a autorización previa e expresa da Corporación.

**Sexto.** O Concello resérvase o dereito de revogar unilateralmente a cesión de uso no caso de concorreren circunstancias de interese público que o xustifiquen, trala audiencia da persoa interesada, e con preaviso mínimo de dous meses.

